

GALEGO

MÉRCORES

1. **A: escribimos un punto ao final, B escribimos una interrogación, C escribimos una exclamación.**

2. **Resposta libre. Por exemplo: Podo ir ao parque? Que rico!**

3. **As respostas serán semellantes a estas aínda que non necesariamente iguais:**

**A que hora chegaremos? Falta moito para chegar?**

**Canto custa esta planta?**

**As actividades do XOVES e VENRES tamén son libres. Revisade a ortografía, e gustaríame que mas enviarades para botarlle unha ollada.**

CIENCIAS SOCIAIS

MÉRCORES

3. - F6: **Escola Santa Elvira**
- D2: **Farmacia**
  - Á esquerda dos bombeiros: **Colexio San Pedro**
  - Á dereita dos bombeiros: **Hospital**
  - Ao sur (debaixo) dos correos: **Hospital**
  - Ao norte (encima) da praza de Santa Elvira: **Bombeiros**

5. **Hai varias opcións, poderías ter incluso outras:**

**Baixas pola Avenida das avestruces e xiras á esquerda. Segue todo de fronte ata chegas á rúa das Mariposas que xiras á dereita e no primeiro cruzamento xiras de novo á dereita e xa chegas.**

**Baixas pola Avenida das avestruces e xiras á esquerda. No segundo cruzamento viras á dereita na rúa das Águilas e ao chegar á rúa Los Abejorros xiras á esquerda de novo.**

**Baixas pola avenida das Avestruces ata a rúa dos Abejorros. Ao chegar a esa rúa xiras á esquerda. Despois do cruzamento coa rúa Las Águilas chegarás.**

XOVES

**Máis ou menos, sería algo así, coas vosas palabras:**

**En primeiro lugar un gandeiro recolle o leite da vaca e a mete nas leiteiras. Despois un científico analiza o leite que debe pasar todos os controis sanitarios. Despois na planta de**

embotellado, métese nos bricks que logo chegarán ás tendas. Alí a poderemos comprar e levala para casa para gozala.

VENRES

O algodón ven dunha planta. Os agricultores cultivan a planta ata que xa está preparada para ser recollida. Despois envíase a unha fábrica onde se limpa e se separa a fibra da semente. Despois ese algodón se traballa para convertelo en cordóns.

Nunhas grandes máquinas o fío de envolve e se mete en carretes de fío que chegan as fábricas para facer a roupa.

Logo, as camisetas chegan ás tendas onde as podemos comprar.

## CIENCIAS DA NATUREZA

### MÉRCORES

Cada ficha será diferente porque dependerá do peixe que escollerades. Déixovos un exemplo. Se queredes poderdes enviarme as vosas para que as vexa.

Nome: **Boga**

Tamaño: **15-20cm**

Onde vive: **Como é de auga salgada vive nos mares e océanos, en concreto no Mar Mediterráneo e o Océano Atlántico. Tamén vive nalgúns ríos.**

Características: **Ten catro raias laterais amarelas que percorren o seu corpo, vive ata os 250 metros de profundidade e é omnívoro. Reprodúcese entre abril e maio. Tamén pode vivir nos ríos e é este o que máis se pesca e come.**

### XOVES

2. Que outros peixes coñeces? E saberías dicirme cales son de río ou de mar? Debúxaos e pon o seu nome.

**Pescada, xurelo, rapante, xouba, sardiña, troita.... Podes ter moitísimas, todos os que se che ocorran. Non fai falta que os debuxes todos!**

2. Consideras importante que existan diferentes tipos de peixes e, en xeral animais?

Por que cres que non debemos pescar todos os peixes da mesma especie?

**Resposta libre.**

**Se queres que o revise, envíamo!**

### VENRES

1. Os peixes que tipo de animais son? Clasifícaos segundo as súas características. Podes consultar o libro para non esquecerde de ningunha!

**Os peixes son animais vertebrados, ovíparos e acuáticos. En xeral son omnívoros. Teñen aletas, escamas e cola que lle axudan a moverse na auga. Respiran por bránquias.**

2. Agora que recordaches as características dos animais, intenta nomear DOUS de cada tipo. Se non se che ocorre ningún podes consultar na casa, en internet ou no libro.

**As respostas probablemente non sexan iguais ás miñas, pero estou segura de que o fixeches ben. Se tes dúbidas envíamo e o reviso.**

Vertebrado ( **ten ósos**): **León, gato, koala, oso, ...**

Invertebrado (non **ten ósos**): **caracol, medusa, esponxa, verme...**

Vivíparo (**nace do ventre da súa nai**): **vaca, cebra, mono, rato... Todos os mamíferos.**

Ovíparo (**nace de ovos**): **sardiña, galiña, serpe... calquera peixe, ave ou réptil.**

Artrópodos: **araña, mosquito, bolboreta, vacaloura, cangrexo, escorpión, xoaniña, formiga...**

Moluscos: **mexillón, caracol, vieira, ameixa...**

Outros grupos de invertebrados: **esponxas, medusas, vermes, estrela de mar, ourizo de mar...**

Mamíferos: **gato, can, porco, cabalo, raposo, vaca, lebre...**

Aves: **periquito, andoriña, gaivota, pomba, aguiá, voitre, avestruz...**

Réptiles: **lagarto, camaleón, crocodilo, serpe, tartaruga...**

Peixes: **peixe gato, boga, sardiña, pescada...**

Anfibios: **rá, píntega, tritón, sapo...**